



Astº.: Certificado decreto de designación membros Mesa e Comité e apertura sobres Refª.: Expdte. S. 01/11 (FSV)

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

C E R T I F I C A :

Que segundo se desprende do Libro de Decretos da Presidencia arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que o día tres de febreiro de dous mil doce (03.02.2012) o sr. Presidente adoptou a resolución contida no decreto que de seguido se transcribe:

<< Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña >>
...<<, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver e, entre outros, e respecto do expediente de contratación de subministro S. 01/11 (FSV), que ten rematado o prazo de presentación de ofertas polos licitadores, facéndose necesario designar formalmente aos membros tanto da Mesa de contratación como do Comité de expertos, tal e como recolle a cláusula 14 do prego de administrativas particulares que establece ao efecto:

a) Respecto da Mesa de contratación:

La Mesa de contratación, que tiene como cometido principal, la realización de la propuesta de adjudicación al órgano de contratación, está designada por este último de acuerdo con lo dispuesto por el art. 295 LCSP en relación con los arts. 21 y 22 del Real decreto 817/2009. Dicha Mesa estará integrada por cinco miembros y responderá á formación siguiente:

Presidente:

- *Vicepresidente del Consorcio*

Vocales:

- *Dos miembros del pleno do Consorcio.*
- *La gerencia del Consorcio.*
- *La persona titular da Secretaría – Intervención do Consorcio que actuará con las funciones de vocal encomendadas por el apartado 10 de la Disposición adicional segunda LCSP así como, en ausencia de otro funcionario, también actuará de Secretaria/o da Mesa.*

b) Respecto do Comité de expertos:

Se constituye este Comité al amparo de lo establecido por el art. 134.2 LCSP teniendo en cuenta que existen criterios de adjudicación que no son evaluables mediante cifras o porcentajes obtenidos a través da aplicación de fórmulas. Consecuentemente este Comité emitirá informe de evaluación sobre esa serie de criterios previamente a la apertura del sobre "C", tal y como figura en la cláusulas 15 y 17ª de este pliego (Fase II.2).

El Comité estará integrado por cuatro técnicos expertos. Los miembros de este Comité serán designados por la Presidencia del Consorcio y, en todo caso, deberán estar presentes para la formulación del informe (que contendrá la correspondiente valoración), al menos, tres de sus miembros.

En consideración ao anterior e no uso das facultades conferidas polo art. 14 dos estatutos do consorcio, Disposición adicional segunda da Lei 7/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, cláusula 14 indicada e demais normativa de aplicación, mediante o presente,

R E S O L V O :

1º. Designar aos membros da Mesa de contratación que estará integrada polas persoas seguintes:

Presidente:

Vicepresidente do Consorcio, D. Diego Calvo Pouso

Vogais:

Dous membros do Pleno do Consorcio: D.ª María Elvira Padín Fernández, tesoureira do Consorcio e Vicepresidenta 2ª da Deputación provincial e D. José Antonio Fernández López, membro do Pleno do Consorcio e subdirector xeral de Seguridade e Coordinación da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia.

O xerente do Consorcio, D. José Luis Barca Añón.

A titular da Secretaría – Intervención do Consorcio, D.ª M. Blanca Estévez Sánchez.



2º. Designar aos membros do Comité de expertos que estará integrado do xeito seguinte:

- D. José Vizcaino Guillín e D. Francisco Dasilva Calvelo, técnicos da Deputación provincial da Coruña.
- D. Juan José Muñoz Iglesias (xerente da AXEGA) e D. Cesáreo Rey Noya (membro do Consello Reitor da AXEGA).
- Suplente de calquera dos anteriores técnicos: D. Manuel Carlos García Touriñán, xefe do servizo de bombeiros do Excmo. Concello da Coruña

3º. Establecer que, a Mesa de contratación para a apertura dos sobres "A" (Fase I), xuntarase o día 13 de febreiro de 2012, ás 10:30 horas na sala de comisións do edificio sede da Excmo. Deputación Provincial da Coruña e, caso de seren admitidos a totalidade dos licitadores presentados ao proceso, logo desa reunión, xuntarase, así mesmo, para a apertura, en acto público, dos sobres "B" (Fase II.1). No caso de ser necesaria emenda da documentación, no será realizada esta última reunión, dándose conta da súa realización mediante inserción do día e hora no perfil do contratante e, no seu caso, mediante aviso por Fax aos licitadores.

4º. Emitir certificación do presente para debida constancia e unión co expediente S. 01/11 do que trae causa, e para a inserción das designacións segundo proceda no perfil do contratante para xeral coñecemento e aos efectos do disposto polas cláusulas 14, 15 e concordantes do prego de administrativas particulares que rexe no dito expediente.

Rematado o obxecto do presente acto, >> (...)

E para que así conste e na unión cos documentos que proceda xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e de orde e co visto e praxe do Iltmo. sr. presidente, en Carballo, a seis de febreiro de dous mil doce.

V.º e pr.
O presidente,

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez